



Xornadas de coordinación entre o EOE e os Departamentos de Orientación

M^a del Carmen Tallón Fontao

José Raposeiras Correa

**Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra.**

Equipo de Orientación Específico

Vigo, a 1 de marzo de 2018

Xornadas de coordinación entre EOE e Departamentos de Orientación



Curso académico: 2017-2018

XOVES, 1 de marzo: Aspectos Xerais: Inclusión Educativa / D.O / Funcións do EOE / Coordinación. De 12 a 14 horas.

XOVES, 5 de abril: Sesión conxunta de ambas especialidades. De 10 a 14 horas.

MÉRCORES, 9 de maio: Sesión conxunta de ambas especialidades. De 16 a 20 horas

GUIÓN



- **Introducción / presentación.**
- **Integración versus inclusión: a atención á diversidade nos centros.**
- **A intervención do EOE: rol e funcións.**
- **A modo de debate, intercambio de experiencias/opiniós e conclusións para unha mellor coordinación DO / EOE.**

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



INCLUSIÓN

EQUIDADE

NORMALIZACIÓN

A diversidade funcional ao longo da historia ...



IDADE MEDIA



IDADE ANTIGA



PREHISTORIA





Ainscow, Booth y Dyson (2006 p. 25)

INCLUSIÓN



A INCLUSIÓN NON É UNHA OPCIÓN É UN DEREITO



- ✓ DECLARACIÓN DE SALAMANCA(Salamanca, 1994)
Recoñécese a necesidade de conseguir escolas que inclúan a todo o alumnado.
- ✓ CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE (Nueva York, 2006)
Esíxese aos Estados que garanticen un Sistema de Educación Inclusiva.
- ✓ Leis Orgánicas LOE/LOMCE(Texto consolidado LOE/LOMCE, 2013)
Garantízase a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da persoa a través de, entre outros, a inclusión educativa.

Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade: Artigo 26



Os Estados Partes adoptarán medidas efectivas e pertinentes ..., para que as **persoas con discapacidade** poidan lograr e manter a **máxima independencia, capacidade física, mental, social e vocacional**, e a inclusión e participación plena en todos os aspectos da vida ... servizos e programas xerais nos ámbitos da saúde, o emprego, a educación e os servizos sociais ... Apoiar a participación e a inclusión na comunidade e en todos os aspectos da sociedade ...
Asemblea Xeral Nacións Unidas /2006.

“Quen quere facer algo atopa unha forma, quen non quere facer nada atopa unha escusa”



- ✓ Non tódolos profesionais amosan a mesma sensibilidade cara ó núcleo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ... NEE / barreiras de aprendizaxe ...: **un sector acéptao, outro, sinxelamente, non se opón; aínda que tampouco o asume, e outros opóñense totalmente...** No ensino facer as cousas á forza non é bo... Cómpre asumilo... Implicación de todos dun xeito coordinado...



O DILEMA DA INCLUSIÓN



**Que supón asumir a
inclusión?**

G. ECHEÍTA

Identificar e remover esas barreiras que o impiden

Culturas, políticas e prácticas

Capacitar aos actores implicados: directivos, profesorado, familias, alumnado, administración, etc.


Diálogo igualitario



- ✓ **Da aceptación** do alumnado con NEAE como tal -no centro- **ao proceso de cambio** de estratexias, de metodoloxías, actitudes ...
- ✓ Cómpre **introducir os cambios** progresivamente, no ámbito da cultura, nas políticas escolares e na propia práctica cotiá das aulas e dos centros.
- ✓ A inclusión conleva a idea de participación, conflito, valoración, negociación, celebración e recoñecemento da diferenza: **escola para todos.**




QUE BARREIRAS DEBEMOS REMOVER?





BARREIRAS QUE IMPIDEN A ESCOLA INCLUSIVA



POLÍTICAS

CULTURAIS

PRÁTICAS EDUCATIVAS

CALIDADE DE VIDA

(Shalooock e Verdugo, 2002-2003)



Benestar emocional *(reducir estrés, baixo nivel de medicación, ambientes predecibles...)*

Relacións interpersoais *(permitir intimidade, fomentar interaccións,...)*

Benestar material *(axeitado á súa idade, que dignifique a persoa, que o motive, que o faga sentir con pertenza ao grupo de iguais,...)*

Desenvolvemento persoal *(ensinar habilidades funcionais, proporcionar actividades útiles,...)*

Benestar físico *(asegurar o coidado da saúde, actividade física, promover a nutrición axeitada,...)*

Autodeterminación *(permitir elixir, tomar decisións, expresar opinións e valores, axudar a planificar metas persoas,...)*

Inclusión social *(promover ambientes normalizados, propoñer oportunidades para a participación e a aprendizaxe...)*

Dereitos *(asegurar a privacidade, fomentar as responsabilidades, accesibilidade, respecto...)*



PERO... POR
ONDE
EMPEZAMOS???





A atención á diversidade nos centros educativos

P X A D ... P E



ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO



CAPÍTULO I do TÍTULO II (LOE/LOMCE)

Alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria: **apoios e atencións** específicas así como **una resposta educativa axeitada**, partindo do **principio de inclusión**: recursos e medios.

ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO



- Alumnado con NEE.
- DEA
- TDAH
- Altas capacidades intelectuais
- Incorporación tardía ao sistema educativo
- Condicións persoais ou de historia escolar / factores sociais

MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (1)



(Artigo 8, Decreto 229/2011)

1. Adecuación da **estrutura organizativa** do **centro** (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da **aula** ás características do alumnado.
2. Adecuación das **programacións didácticas** ao contorno e ao alumnado.



MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (2)

3. **Metodoloxías** baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
4. Adaptación dos **tempos e instrumentos** ou **procedementos** de avaliación.
5. Aulas de **atención educativa e convivencia** e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (3)



6. Desdobramentos de grupos.
7. **Reforzo educativo e apoio** do profesorado con dispoñibilidade horaria.
8. Programas de **enriquecemento curricular**.
9. Programas de **reforzo** nas áreas instrumentais básicas.
10. Programas de **recuperación**.
11. Programas específicos personalizados.
12. Programas de **habilidades sociais**.



MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (1)

(Artigo 9, Decreto 229/2011)

- ❑ **Adaptacións curriculares.**
- ❑ Agrupamentos **flexibles.**
- ❑ Apoio do profesorado especialista en **Pedagogía Terapéutica** e/ou en **Audición e Linguaxe.**
- ❑ **Flexibilización** da duración do período de escolarización. **Fragmentación** dos cursos 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato e por Módulos nos Ciclos Formativos da Formación Profesional



MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (2)

- ❑ Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (**PMAR**).
- ❑ **Formación Profesional Básica** (reserva dun **10%** para **alumnado con discapacidade**).
- ❑ Atención educativa (**domiciliaria e/ou hospitalaria**) ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta **dificultades para unha asistencia continuada** ao centro educativo.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (3)



(Artigo 9, Decreto 229/2011)

- ❑ Grupos de **adquisición das linguas** (incorporación tardía ao sistema educativo).
- ❑ Grupos de **adaptación da competencia curricular** (incorporación tardía ao sistema educativo).



**Respostas educativas para o
alumnado con NEAE no
ensino regrado**



Modalidades de escolarización



- **Escolarización ordinaria** con apoios
- **Escolarización combinada**
- **Centros de educación especial**
- **Unidades de Educación Especial** en centros ordinarios.
- Adaptación aos ritmos de aprendizaxe e de traballo escolar: **flexibilización** e **fragmentacións**



Apoio ao alumnado con **NEE**

- Participación nos **apoios inclusivos**: ademais dos **profesionais do centro**, os **compañeiros/as** do alumno/a con discapacidade e as **familias** (aceptación, inserción, comprensión e non compaixón, colaboración e participación nas actividades extraescolares e/ou complementarias)... **Comunidades de aprendizaxe.**

Artigo 75 LOE / LOMCE



1. Coa finalidade de facilitar a **integración social e laboral** do alumnado con **NEE** que non poida conseguir os obxectivos da educación obrigatoria, as Administracións Públicas fomentarán **ofertas formativas adaptadas** ás súas necesidades específicas.
2. Ao respecto establecerán unha **reserva de prazas** nas ensinanzas de **formación profesional** para o **alumnado con discapacidade**.

Alumnado con NEE en Centros ou Unidades de Educación Especial



- Cando as medidas de atención á diversidade dos centros ordinarios non son suficientes para dar unha **resposta e atención axeitada** ao alumnado con NEE, xorde a **proposta de escolarización nun centro ou unidade de Educación Especial**: ben sexa na modalidade de **escolarización combinada** ou a **tempo completo**, respectando o límite de idade ata os **21 anos** cumpridos no ano natural en que finaliza o curso escolar.



Para a transición á vida adulta / NEE ...

- **Responsabilidade inicial** do sistema educativo (unha **formación** encamiñada á inserción sociolaboral , ata os 21 anos).
- **Logo** correspóndelle aos sistemas de **Traballo e Política Social**, como receptores e facilitadores do proceso (centros ocupacionais, servizos sociais, formación profesional para o emprego, emprego protexido ...). Coordinación interinstitucional e implicación das Administracións para a **incorporación** ao mundo sociolaboral.



Oferta educativa nos CEE (1)

- **Tránsito á vida adulta** (16-21 anos), con **obradoiros** de autonomía, hortoxardinaría, cestería, cociña e fogar, restauración, limpeza, encadernación, teatro, cine, prensa, marquetería, tecnoloxía, manualidades, deportes, reprografía, ciclos musicais, habilidades sociais, orientación para o emprego ...



Oferta educativa nos CEE (2)

- **Programas formativos** da FP Básica na provincia de Pontevedra (16-21 anos): **Lavandaría, Xardinaría e Viveirismo, Reprografía, Peiteado, Carpintaría, Servizos de Restauración.**
- Outros Programas formativos da FP Básica en Galicia: **Cerámica, Costura, Producións Agrícolas, Almacén, Limpeza de edificios, Comercio, Actividades domésticas, Actividades auxiliares na industria alimentaria.**



Oferta educativa nos CEE (3)

- **Departamento de Orientación, Traballadora Social**
...
- **FCT** –nos Programas formativos da FP Básica- cun mínimo **160 horas**.
- **Certificación Académica** dos módulos profesionais superados, nos Programas formativos da FP Básica.
- **Prácticas, Visitas e contactos** con empresas, na procura dunha inserción laboral adaptada ...
Preparación ao respecto.



A intervención do EOE: rol e funcións





A ORIENTACIÓN EN GALICIA

NIVEIS

1. A **Titoría**, na aula.
2. O **Departamento de Orientación**, no centro educativo.
3. O **Equipo de Orientación Específico** (intervención externa).

ORGANIZACIÓN



- A. **SERVIZOS INTERNOS,** mediante os **Departamentos de Orientación** nos centros docentes de ensinanzas non universitarias de réxime xeral.
- B. **SERVIZOS EXTERNOS:** os **Equipos de Orientación Específicos** de ámbito provincial.

EOE de PONTEVEDRA



Enderezo

Avda. Fernández

Ladreda, 43 - 8º -
CP 36003-

PONTEVEDRA

Teléfonos

986805655

986805972

Correo E.O.E.

oe.pontevedra@
edu.xunta.es

ESPECIALIDADE	PROFESIONAIS	GARDAS
DISCAPACIDADE MOTORA	M ^a Teresa Rivas Lago	Martes
DISCAPACIDADE SENSORIAL	M ^a del Carmen Tallón Fontao	Mércores
ORIENTACIÓN PROFESIONAL	José Raposeiras Correa	Xoves
SOBREDOTACIÓN INTELECTUAL	José Eladio Ferro Fontenla	Venres
TRASTORNOS DE CONDUTA	José Enrique Abalo Quintela	Venres
TRASTORNOS DE CONDUTA	Eloisa Teijeira Bautista	Xoves
TRASTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO (TEA)	M ^a Esther Núñez Pintos	Mércores
TRASTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO (TEA)	Elena Sánchez López	Martes
Coordinadora do Equipo	M ^a Teresa Rivas Lago	
Inspectora Coordinadora	M ^a Adoración de la Fuente Fernández	

O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO



- Reguladas as súas funcións na **Orde do 24 de xullo de 1998** (DOG do 31 de xullo), pola que se establece a **organización e funcionamento da orientación educativa e profesional** na Comunidade Autónoma de Galicia.

ESPECIALIDADES



A nivel provincial: profesionales con formación e experiencia na **orientación vocacional e profesional**, na atención de alumnado con discapacidades sensoriais, discapacidades motóricas, sobredotación intelectual, trastornos xeneralizados do desenvolvemento e trastornos da conduta.

Artigo 5º do Decreto 120/1998

FUNCIÓNS DO EQUIPO



- ❑ Funcións de **carácter xeral**:
Artigo **18º** da citada Orde do 24 de xullo.
- ❑ Funcións xerais e específicas do **Psicólogo / Pedagogo**: Artigos **23º. 1. e 23. 2.**

Quen pode solicitar a intervención do EOE?



Os/as Xefes/as dos Departamentos de Orientación


**Os/as directores/as dos centros
(Axuntando informe do/a orientador/a)**

O Servizo de inspección educativa

O Xefe Territorial

A Dirección-Subdirección Xeral de Educación

Procedemento para solicitar a intervención



A solicitude irá dirixida ao inspector/a de zona (conformidade)

Utilizar un modelo oficial

Debe cubrirse todos os campos (solicitar un especialista ou de carácter xeral)

A solicitude debe cursarse desde o centro con rexistro de saída.



Cando é preceptiva a actuación do EOE?

Alumnado con NEAE non escolarizado

Reserva de praza para alumnado con NEAE

Cando se considere necesario dentro do marco das funcións asignadas ao EOE.

Para escolarizar a alumnado nun CEE.

Para escolarizar a alumnado nun CEE de conduta (o especialista correspondente).




Outros procedementos nos que intervimos

Ditames de escolarización

Informes de solicitude de becas

Informes para a solicitude de recursos

Informes para a adaptación das probas das EOI



EOE



DO



Colaboración, asesoramiento, desenvolvemento de investigación e de intervención, contribución na formación especializada ... Diversidade, prevención, avaliación, recursos ...



Profesorado, familias, outros servizos ou institucións, etc.

Intervencións do EOE

ÁMBITO PROVINCIAL



- ❑ Adxudicación de **postos escolares reservados a ANEAE** (Capítulo V da Orde do 12 de marzo de 2013): avaliación psicopedagóxica inicial do Orientador de centro para a posterior **valoración do EOE**. A **Xefatura Territorial** devolverá aos centros afectados as solicitudes acompañadas do **Informe do EOE** para a admisión ou non do alumnado, por este apartado.



Intervencións do EOE

Ámbito provincial

- ❑ **Ditames** para a flexibilización do período de escolarización para ANEAE nas **Escolas Infantís** (0-3 anos), dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou da Consellería de Política Social.



- ❑ **Flexibilización modular** nos **ciclos formativos da FP** Básica, no Grao Medio e no Grao Superior (alumnado con NEE).

Intervencións do EOE ÁMBITO PROVINCIAL



- ❑ **Ditames** para flexibilización da escolarización ou para a fragmentación de cursos.
- ❑ **Informes** para **adaptación das probas** nas EOI: ensinanzas de idiomas (**persoas** con discapacidade sensorial e motora).
- ❑ **Informes** para reserva de prazas para alumnado con **discapacidade**, en FP.
- ❑ **Ditames** de escolarización (alumnado con NEE) CEE / E. Combinada.





Intervencións do EOE ÁMBITO PROVINCIAL



- ☐ **Ditames** para atención educativa domiciliaria e/ou hospitalaria.
- ☐ **Informes** para concesión de **prórroga a profesorado en comisión de servizos** en postos de escolarización a **alumnado de atención preferente**.
- ☐ **Informes/certificacións** para bolsas/axudas destinadas ao ANEAE.

Intervencións do EOE

ÁMBITO PROVINCIAL



- ☐ Informes para **provisión de recursos** destinados ao ANEAE.
- ☐ **Ditames** para regularización das **Unidades de Educación Especial** en centros ordinarios.
- ☐ Elaboración de **documentos e materiais** de apoio.
- ☐ Investigación/acción/educativa. Actividades de formación ...



REFLEXIÓN



A

modo



de

conclusión



- Falar de **alumnado con NEAE** non implica necesariamente que este teña que precisar da intervención do **Profesorado de PT e de AL**.
- Artigo do Inspector Xefe, publicado na **Revista Eduga Nº 70** – xullo/ decembro de 2015: ***Cara a unha inclusión excluínte?***



- **Coñecer e aceptar as diferenzas** como algo enriquecedor, mediante un enfoque de tipo global e cooperativo en todos los centros educativos así como nas institucións de ámbito cultural e/ou sociolaboral.
- O profesorado cando ten que planificar e “poñerse ao día” necesita **tempo, recursos e medios.**



- As Administracións Públicas e todos os profesionais implicados **debemos idear a mellor pedagogía posible**, para axudarlle ás **persoas** -cando o precisen- a **desenvolver as súas competencias e capacidades**. Se de verdade creemos e queremos unha educación inclusiva nos **ámbitos familiar, educativo, social e laboral**, é preciso apostar forte neste sentido e “predicar” con exemplos.


CONSTRUIR A ESCOLA INCLUSIVA

INDEX FOR INCLUSION COMO REFERENCIA:

A. CREAR CULTURAS INCLUSIVAS: entornos seguros, acogedores,..para todos e todas, compartidos por todos os/as profesionales e que guien a acción.

B. XERAR POLÍTICAS INCLUSIVAS: desde todos os planes de centro e creando redes inclusivas.

B. DESENVOLVER PRÁCTICAS INCLUSIVAS: actividades, tarefas, recursos,... para todos/as.







G R A Z A S

M^a del Carmen Tallón Fontao
José Raposeiras Correa

A solid dark blue horizontal bar is positioned at the bottom of the slide, extending from the left edge towards the right.